



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 03)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño.

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezasete de xaneiro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de xaneiro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2. - PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO ALCALDE DO CONCELLO DE RIBAS DO SIL SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DUN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, no que solicita unha modificación do proxecto dun dos investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 74 do Xoves 30 de marzo de 2017, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2017 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.



O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluído o investimento que se sinala e se pretende modificar/ substituír.

A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, presentou xustificación relativa ao investimento número 202, e denominado construción de camping municipal”, a través de escrito de data 14/12/2018, que foi complementada en sucesivas achegas no que fai mención a un proxecto modificado, que esta Deputación non tivo coñecemento da súa modificación ao non comunicar dita circunstancia o Concello, incumprindo así o establecido na base 19 do Plan Único 2017, que sinala “...Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do concello...”. Dita circunstancia foille comunicada ao Concello en data 04/11/2019.

A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, solicita a través de escrito de data 07/11/2019, unha modificación do proxecto dun dos investimentos incluídos no Plan Único, concretamente a obra nº 202: Construción de camping municipal ao que acompaña proxecto reformado e que de ser aprobado pola Xunta de Goberno a modificación solicitada, quedarían incluídas no Plan Único 2017, modificando incluso a denominación, da maneira que se indica: “Proxecto modificado: primeira fase do proxecto básico e de execución de campamento de turismo de segunda categoría en Ribas de Sil, con un orzamento de 472.322,91 euros e sen producirse variacións na achega de Deputación e aumentando a achega do Concello, se ben mantense o mínimo obrigatorio a achegar por parte do Concello.

Coa solicitude arguméntanse sucintamente as modificacións interesadas, xustifica os motivos polo que non solicitou a aprobación do modificado coa antelación debida e achégase a aprobación do proxecto polo Concello e informe favorable da Secretaría- Intervención do Concello, este último ao haber un incremento do orzamento, de acordo co establecido na base 19 das Bases

Reguladoras do Plan Único 17, relativa á execución dos investimentos. O Concello é o órgano de contratación polo que deberá respectar a lexislación en materia de modificación de contratos.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía e necesidades, e non supoñendo unha modificación no fin para o que se aportaron os fondos.

Tendo en conta a solicitude do concello, así como os motivos invocados, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é Xunta de Goberno, como así se indica na base 19 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único 2017, que precisa “...Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, -LCSP-, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Xunta de Goberno da Deputación (...)”

Polo que va dito, informase favorablemente a modificación / substitución da obra incluída no Plan Único 2017, inda que se aproba despois da achega da correspondente conta xustificativa, circunstancia que serviu para coñecer dita modificación, que non se tiña solicitada polo Concello.

A vista do anterior, esta Presidencia propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto da actuación indicada, coa nova denominación, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o Plan Único de cooperación cos concellos 2017 modificado nos investimentos do Concello de Ribas de Sil, nos seguintes termos:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	202	PROXECTO MODIFICADO PRIMEIRA FASE DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CAMPAMENTO DE TURISMO DE SEGUNDA CATEGORÍA	375.669,01€	96.653,90€	472.322,91€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para ao seu coñecemento, e oportunos efectos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS NO QUE FAN CONSTAR A SÚA RENUNCIA A EXECUTAR INVESTIMENTOS E/ OU ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos de varias Alcaldías, no que fan constar a súa renuncia a investimentos e/ou actuacións incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas as obras que se sinala neste informe.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2017, e establecéndose como prazo presentar as contas xustificativas o 15 de novembro de 2018.

As Alcaldías dos Concellos que se sinalan, comunican a súa renuncia a executar os investimentos e/ou actuacións que se sinalan:

Concello de Cervantes:

O concello de Cervantes, por acordo da Xunta de Goberno de data 19-01-2018, incluíu ao abeiro do Plan Único 2017, con cargo a remanentes, o seguinte investimento:

INVESTIMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
CERRAMENTO EXTERIOR EN EDIFICIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES EN SAN ROMÁN	2017 9200 762	7.750,38€	0,00€	7.750,38€

O concello de Cervantes, achega escrito de data 24/01/2019, no que comunica que “... non foi viable executar as actuacións en tempo e forma, motivo polo cal non se chegou a levar a cabo o investimento...”.

Ademais, o importe a achegar pola Deputación era de remanentes doutros investimentos, que ao non xustificalos non se aboaron, polo que o concello non ten que devolver importe algún.

Concello de Triacastela:

O concello de Triacastela, incluíu ao abeiro do Plan Único 2017, as actividades culturais, que segundo o disposto na base 22 do amentado Plan Único 2017 son xestionadas pola área de Cultura, que se indican:

ACTIVIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
FOMENTO E PROMOCIÓN DA COVA EIRÓS E LUDOTECA DE NADAL	2017 3340 46200	2.500,00€	0,00€	2.500,00€



Pola area de Cultura achégase informe, de data 31 de decembro de 2018, relativo á presentación por parte do Concello de Triacastela de escrito de renuncia á achega do Plan Único 2017 concedida para o Programa de Actividades culturais denominado “Fomento e Promoción da Cova Eirós e Ludoteca de Nadal”, incorporado ao expediente, e no que indica “... considérase que reúne os requisitos legais para a aceptación da renuncia”.

Ademais, ao Concello de Triacastela, foille concedido anticipo do 80% que se establecía nas bases do Plan Único 2017, por Resolución da Presidencia, de data 29/08/2017, que no relativo as actividades culturais obxecto de renuncia supón 2.000,00€.

Consta no expediente, e no informe da área de Cultura, a devolución, por parte do Concello de Triacastela á Deputación Provincial, do importe anticipado, (2.000,00€), correspondente as actividades culturais a que o devandito Concello de Triacastela renuncia, así como o ingreso dos correspondentes xuros de mora, en contía de 89,59 euros, segundo Resolución de data 24/06/2019, efectuada o 24/07/2019.

No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 do outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recollese literalmente que: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establece o seguinte: “1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. 2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon. 3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. 4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia. 5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e

esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

No artigo 6, concretamente no apartado 2, do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil dispónse que: “2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando no contraríen ao interese ou ao orde público nin prexudiquen a terceiros”.

Por todo o exposto, no caso que nos ocupa, o representante dos Concellos indicados poden renunciar á achega aprobada e incluída no Plan Único 2017, dado que a renuncia tivo entrada no rexistro xeral da Entidade e coa mesma non se prexudica nin ao interese público nin a terceiros.

O órgano competente para aceptar a renuncia á achega aprobada e outorgada ao abeiro do Plan Único 2017, aos concellos indicados, aínda que nas bases do Plan Único 2017 non se prevé esta casuística, por analogía a outras cuestións como prórrogas, modificacións, ou a interpretación e resolución de dúbidas, enténdese competente a Xunta de Goberno.

Polo que va dito, infórmase favorablemente o seguinte:

Aceptar a renuncia ás achegas outorgadas ao abeiro do Plan Único 2017, para os Concellos e cos obxectos, programas e importes que se indican:

CONCELLO	INVESTIMENTO/ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	PROGRAMA
CERVANTES	CERRAMENTO EXTERIOR EN EDIFICIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES EN SAN ROMÁN	7.750,38€	INVESTIMENTOS
TRIACASTELA	FOMENTO E PROMOCIÓN DA COVA EIRÓS E LUDOTECA DE NADAL	2.500,00€	A. CULTURALS

Aceptar os reintegros da cantidade anticipada ao concello de Triacastela (2.000,00€) e os correspondentes xuros de mora por importe de 89,59€ e declarar concluído os procedementos das achegas outorgadas aos concellos indicados, dentro dos programas sinalados, polos obxectos e importes que figuran no apartado precedente.

Notificar o acordo de aceptación da renuncia ás achegas outorgadas aos Concellos



interesados, e indicados nos apartados precedentes.

A vista do anterior, esta Presidencia propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia ás achegas outorgadas ao abeiro do Plan Único 2017, para os Concellos e cos obxectos, programas e importes que se indican:

CONCELLO	INVESTIMENTO/ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	PROGRAMA
CERVANTES	CERRAMENTO EXTERIOR EN EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES EN SAN ROMÁN	7.750,38€	INVESTIMENTOS
TRIACASTELA	FOMENTO E PROMOCIÓN DA COVA EIRÓS E LUDOTECA DE NADAL	2.500,00€	A. CULTURAIS

2º.- Aceptar os reintegros da cantidade anticipada ao concello de Triacastela (2.000,00€) e os correspondentes xuros de mora por importe de 89,59€ e declarar concluso os procedementos das achegas outorgadas aos concellos indicados, dentro dos programas sinalados, polos obxectos e importes que figuran no apartado precedente.

3º.- Notificar o acordo de aceptación da renuncia ás achegas outorgadas aos Concellos interesados, e indicados nos apartados precedentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE MURAS NO QUE FAI CONSTAR A SÚA RENUNCIA A ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Muras no que fai constar a súa renuncia a actuacións incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído, polos concellos indicados os investimentos e actuacións sinaladas.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018, e establecéndose como prazo presentar as contas xustificativas o 15 de novembro de 2019.

A Alcaldía do Concello de Muras, comunica a súa renuncia a realizar as actuacións que se sinalan:

Concello de Muras:

O concello de Muras, incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, as actividades culturais, que segundo o disposto na base 22 do amentado Plan Único 2018 son xestionadas pola área de Cultura, que se indican:

ACTIVIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
CANTOS DE TABERNA	2018 3340 46200	3.000,00€	0,00€	3.000,00€

Pola area de Cultura achégase informe, de data 04 de xuño de 2019, relativo á presentación por parte do Concello de Muras, de escrito de renuncia á achega do Plan Único 2018 concedida para o Programa de Actividades culturais denominado “Cantos de Taberna”, incorporado ao



expediente, e no que conclúe “... considérase que reúne os requisitos legais para a aceptación da renuncia”.

Ademais, non consta aboado ao Concello de Muras, o anticipo do 50% que se establecía nas bases do Plan Único 2018.

Neste caso que nos ocupa, o ordenamento xurídico non prohibe que as entidades municipais renuncien ao dereito de obter as achegas recollidas no Plan Único 2018, para a execución das actividades indicadas. A renuncia á mesma realizouse a través do rexistro desta Deputación, polo que se ten constancia da mesma a través da solicitude rexistrada, fundamentando a renuncia no feito de que non se executou o especificado nas súas solicitudes; e a cuestión suscitada pola incoación do procedemento non entraña un interese xeral.

A normativa aplicable ás solicitudes/comunicacións de renuncia presentada polos Concellos indicados atópase no artigo 84.da Lei 39/2015. de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas, que dispón: “1. Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade...” e no artigo 94 da citada Lei, que indica, entre outros “...Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. (...)”

Polo que va dito, infórmase favorablemente a aceptación da renuncia presentada polo Concello de Muras para as actividades concretas e indicadas, incluídas no Plan Único 2018.

A vista do anterior, esta Presidencia propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á achega outorgada ao abeiro do Plan Único 2018, para o Concello e co obxecto, programa e importe que se indica:

CONCELLO	INVESTIMENTO/ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	PROGRAMA
MURAS	CANTOS DE TABERNA	3.000,00€	A. CULTURAIS

2º.- Notificar o acordo de aceptación da renuncia á achega outorgada ao Concello indicado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5. - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas emitidas por COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., e NATURGY IBERIA, S.A., en execución da Resolución da Presidencia de data 14 de xaneiro de 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 15/01/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polo concepto e importe que de seguido se detalla:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE	CONCEPTO
			DATA	NÚMERO		
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137030313728	17/11/2019	9/12/2019	2019/4611	4.423,42 €	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-11/11/2019, PAZO PROVINCIAL
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314019967	14/11/2019	5/12/2019	2019/4596	1.610,73 €	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-08/11/2019, MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314020022	14/11/2019	5/12/2019	2019/4595	3.875,12€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-08/11/2019, PAZO DOS DEPORTES
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137030305354	17/11/2019	9/12/2019	2019/4610	1.253,75€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-11/11/2019, SANTO ANGEL
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137029828321	13/11/2019	9/12/2019	2019/4609	792,80€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-8/11/2019, SANTA MARÍA 2
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137029834474	13/11/2019	9/12/2019	2019/4612	952,40€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-8/11/2019, SANTA MARÍA 4



ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE	CONCEPTO
			DATA	NÚMERO		
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314020000	14/11/2019	5/12/2019	2019/4598	85,35€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-08/11/2019, SANTA MARÍA 9
					12.993,57	

Xunto coa factura consta:

As propias facturas con entrada no Rexistro de Facturas e con dilixencia do Servizo de Urbanismo, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas dita factura polo Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Asdo: Pablo Rivera Capón.

Declaración responsable asinada polo representante de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., e NATURGY IBERIA, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 13/12/2019 explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida pola Xefa do Servizo de Arquitectura.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 27/12/2019, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Resolución da Presidencia de data 14/01/2020, levantando o reparo de Intervención a dita factura, e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con notas de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 13/01/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de abrigas dos ano 2019, con nota de reparo do artigo 216. 2. c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

O obxecto do presente informe refírese as facturas, da empresas: COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A, NATURGY IBERIA, S.A., por subministro de gas a distintos centros da Deputación de xuño en novembro de 2019, que se detallan na relación contable núm. Q/2019/150, que se achega por importe de 12.993,57€.

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Servizo de Arquitectura e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4. 1. a) do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación contable nº Q/2019/150, que se acompaña, polo importe total de 12.993,57 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que deán lugar ao recoñecemento e liquidación de abrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste as disposicións aplicables en cada caso.



Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base no 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216. 2-c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29. 8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, así como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da abriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216. 2-c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Informase, por recomendación do Consello de Cantas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017,

de 8 de novembro, de contratos do sector público e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 8 de xaneiro de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coa facturación seguinte:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REGISTRO DE FACTURAS		IMPORTE	CONCEPTO
			DATA	NÚMERO		
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137030313728	17/11/2019	9/12/2019	2019/4611	4.423,42 €	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-11/11/2019, PAZO PROVINCIAL
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314019967	14/11/2019	5/12/2019	2019/4596	1.610,73 €	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-08/11/2019, MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314020022	14/11/2019	5/12/2019	2019/4595	3.875,12€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-08/11/2019, PAZO DOS DEPORTES
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137030305354	17/11/2019	9/12/2019	2019/4610	1.253,75€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-11/11/2019, SANTO ANGEL
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137029828321	13/11/2019	9/12/2019	2019/4609	792,80€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-8/11/2019, SANTA MARÍA 2
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137029834474	13/11/2019	9/12/2019	2019/4612	952,40€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-8/11/2019, SANTA MARÍA 4
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314020000	14/11/2019	5/12/2019	2019/4598	85,35€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-08/11/2019, SANTA MARÍA 9
					12.993,57	

Tras unha exposición detallada de antecedentes a Unidade xestora informa:

El suministro de gas natural a los centros de la Diputación enumerados en el párrafo primero de este informe se ha estado produciendo regular y satisfactoriamente desde la fecha de la primera factura objeto del informe de reparo de la Intervención Provincial (mayo de 2018) hasta la fecha en la que el Servicio de Contratación informó que la prestación se estaba produciendo sin un contrato que lo amparase (8 de enero de 2020), pero también después de esta fecha y hasta el momento en que se emite el presente informe.



Los trámites para el inicio de una nueva licitación empezaron en marzo de 2019 cuando el servicio de Arquitectura remitió el pliego de condiciones técnicas particulares con los anexos de consumos de los distintos centros y demás documentación complementaria, a petición del Servicio de Contratación.

Mientras tanto, para que los cinco centros a los que se suministra gas natural funcionen en unas condiciones adecuadas es necesario el suministro de combustible de calefacción, por lo que ha estado realizándose igualmente, de manera que por las prestaciones realizadas entre mayo de 2018 y mayo de 2019 y mayo de 2019 y noviembre de 2019 deberán abonarse a las distintas razones sociales de la empresa suministradora 12.993,57 €, (IVA incluido).

No procede garantía por tratarse de un suministro necesario para el correcto funcionamiento del centro y por haberse realizado de conformidad con el responsable de la ejecución de este.

La valoración corresponde a las estrictamente necesarias para la prestación del suministro y los precios aplicados son los habituales en el mercado.

Esta unidad administrativa, al tratarse de un gasto de imputación al presupuesto del ejercicio del año 2019, concluye que no existe impedimento o limitación alguna a esta aplicación del gasto en relación con las restantes necesidades y atención de la partida durante todo el año en curso.

Asinado dixitalmente o 13/01/2020 pola Xefa do Servizo de Arquitectura. Monica Marras Mosquera.

(...)"

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 27/12/2019 explícanse que non existen contratos en vigor no momento de realización das prestacións, que amporen as devanditas facturass, de modo que dirimido o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entre os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos nos perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.



A factura relacionada neste informe é obxecto de tramitación por analoxía, co establecido na Base de Execución Nº 20 do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial (segundo se expresa no apartado sexto das consideracións deste informe), unha vez salvado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLRFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

No informe 4/2016 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de 30/06/2016 chega a salientarse a prevalencia do interese xeral que rexe na contratación pública ata o punto de que o artigo 38 do TRLCSP permite o mantemento da vixencia dun contrato nulo, cando se dean razóns de interese xeral; en efecto o artigo 38.2 do TRLCSP permite que o órgano competente para declarar a nulidade, malia concorrer causas, non a declare e acorde o mantemento dos efectos do contrato se atendendo a circunstancias excepcionais que concorran, considera que existen razóns imperiosas de interese xeral que o esixan. Na actualidade a referencia debe entenderse efectuada ao artigo 42.3 da LCSP.

Consciente o poder lexislativo das inconveniencias que xorden nas tramitacións administrativas de procedementos de adxudicación de contratos, implementa unha proposta lexislativa de salvagardar as prestacións naqueles supostos en que vencera o contrato anterior sen ter formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións (...); pode verse o art. 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións efectivas de que se realizasen as subministracións, aínda que se estiman necesarias.

Tendo en conta que a factura a aprobar supera os límites do contrato menor, e que se trata de prestacións previsibles e con continuidade no tempo.

Por outra banda:

Na Base Nº 10 “Recoñecemento e liquidación de obrigas” das de Execución do Orzamento para o 2019, recóllese como regra xeral que o recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

E na Base Nº 11 “Ordenación de Pagamentos”, sinálase que a ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

No caso que nos ocupa, nin o recoñecemento das obrigas nin a ordenación dos pagamentos lle corresponderían ó Presidente, xa que non se realizaron os trámites previos necesarios amentados polas Bases Nº 10 e Nº 11. Polo tanto, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno:

“Correspóndelle á Xunta de Goberno:

A asistencia ao Presidente/a no exercicio das súas atribucións.

As seguintes atribucións, delegadas do Presidente/a e do Pleno:

(...)

8. Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

12. A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.



(...).”

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento das seguintes facturas:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE	CONCEPTO
			DATA	NÚMERO		
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137030313728	17/11/2019	9/12/2019	2019/4611	4.423,42 €	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-11/11/2019, PAZO PROVINCIAL
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314019967	14/11/2019	5/12/2019	2019/4596	1.610,73 €	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-08/11/2019, MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314020022	14/11/2019	5/12/2019	2019/4595	3.875,12€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-08/11/2019, PAZO DOS DEPORTES
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137030305354	17/11/2019	9/12/2019	2019/4610	1.253,75€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-11/11/2019, SANTO ANGEL
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137029828321	13/11/2019	9/12/2019	2019/4609	792,80€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-8/11/2019, SANTA MARÍA 2
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137029834474	13/11/2019	9/12/2019	2019/4612	952,40€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-8/11/2019, SANTA MARÍA 4
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314020000	14/11/2019	5/12/2019	2019/4598	85,35€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-08/11/2019, SANTA MARÍA 9
					12.993,57	

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministracións, recoñecer a obriga e o pagamento das seguintes facturas:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE	CONCEPTO
			DATA	NÚMERO		
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137030313728	17/11/2019	9/12/2019	2019/4611	4.423,42 €	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-11/11/2019, PAZO PROVINCIAL
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314019967	14/11/2019	5/12/2019	2019/4596	1.610,73 €	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-08/11/2019, MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314020022	14/11/2019	5/12/2019	2019/4595	3.875,12€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 12/10/2019-08/11/2019, PAZO DOS DEPORTES
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137030305354	17/11/2019	9/12/2019	2019/4610	1.253,75€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-11/11/2019, SANTO ANGEL
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137029828321	13/11/2019	9/12/2019	2019/4609	792,80€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-8/11/2019, SANTA MARÍA 2
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS &POWER, S.A.	FE19137029834474	13/11/2019	9/12/2019	2019/4612	952,40€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-8/11/2019, SANTA MARÍA 4
NATURGY IBERIA, S.A.	FE19321314020000	14/11/2019	5/12/2019	2019/4598	85,35€	SUBMINISTRO GAS NATURAL PERIODO 15/10/2019-08/11/2019, SANTA MARÍA 9
					12.993,57	

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas emitidas por Canteira do Penedo, S.A. en execución da Resolución da Presidencia de data 14 de xaneiro de 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 15 de xaneiro de 2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detalla:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE	CONCEPTO
			DATA	NÚMERO		
Canteira do Penedo, S.A.	B371	26/6/2019	5/07/2019	2019/2491	5.489,77€	Subministro áridos zona sur-lote 3 maio 2019
Canteira do Penedo, S.A.	B454	30/6/2019	2/8/2019	2019/2847	6.930,43€	Subministro áridos zona sur-lote 3 xuño 2019
TOTAL					12.420,20€	



Xunto coa factura consta:

As propias facturas con entrada no Rexistro de Facturas e con dilixencia do Parque Móbil, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas ditas facturas polo Presidente P. D. Decreto de data 26-07-2019. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Asdo: Pablo Rivera Capón.

Declaración responsable asinada en data 4/12/2019 polo representante de “Canteira do Penedo, S.A.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas de datas 2/8/2019 e 5/8/2019 respectivamente, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida polo Xefe do Parque Móbil.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 05/12/2019, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Resolución da Presidencia de data 14/01/2020, levantando o reparo de Intervención a dita factura, e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con notas de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 07/01/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de abrigas dos ano 2019, con nota de reparo do artigo 216. 2. c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

O obxecto do presente informe refírese as facturas, da empresa Canteira do Penedo, S.A. seguintes:

Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
B371	26/06/2019	*689,82€	4530.210	92019/11032
B454	30/6/2019	6.930,43	4530.210	92019/11034
SUMA		7.620,25		

*O importe desta factura ascende a un total de 5.489,77€, o importe restante 4.799,95€ tramítase con cargo ao contrato.

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil Provincial e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4. 1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación contable no Q/2019/124, que se acompaña, polo importe total de 7.620,25 euros.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando a Instrucción Nº 1 desta Deputación para a aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do Sector Público (aprobada na

Xunta de Goberno do 20/04/2018), e o informe do Servizo de Contabilidade e Contas de data 21/11/2018, no que se dí que si existen outros contratos menores dende o 01/01/2018 que individualmente e/ou conxuntamente iguale ou supere o límite cuantitativo segundo o tipo de contrato, polo que ó exceder o límite dos contratos menores, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Asimismo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2018, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizo, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Ta Ta Ta Comunicación, S.L.	Emitida 3107	06/07/2018	Realización no mes de abril do 2018, dun estudo previo e deseño da imaxe corporativa "Johan Requeixo".	1.793,91 €
TOTAL				1.793,91 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.



Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Ta Ta Ta Comunicación, S.L.:

Nº Emitida 3107 de data 06/07/2018, correspondente á realización no mes de abril do 2018, dun estudo previo e deseño da imaxe corporativa “Johan Requeixo”, dun importe total de 1.793,91 €.

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN ESPECÍFICA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AOS ACORDOS MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

O sistema de contratación centralizada estatal permite a adhesión das entidades locais ao abeiro do artigo 229.3 da lei 9/2017 LCSP.

O procedemento e competencia para a adopción do acordo consta informado en documento con CSV: IV6RGSA33JE673E36BAXCYSSEA .

A Deputación De Lugo está interesada na adhesión Central de Contratación do Estado de acordo co disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da lei 9/2017, de Contratos do Sector Público así como nos artigos 7 e 8 da orde EHA/1049/2008, de 10 de abril de declaración de bens e servizos de contratación centralizada.

Con data de 31 de decembro de 2019 esta Deputación formulou solicitude de adhesión xenérica á central de contratación do estado, comunicando , o mesmo ao órgano competente do ministerio de facenda .

Dentro dos trámites establecidos e como fase seguinte formúlase pola presente proposta para a adhesión específica aos acordos marco que se relacionan nos termos indicados por dita central de contratación.

En consecuencia, de conformidade co disposto polo artigo 205 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, así como polos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, de 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, propónse a adopción de acordo relativo á solicitude de adhesión específica por parte Deputación os acordos marco, sinalados na cláusula primeira*, e que nos termos establecidos pola disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, rexerase polo texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Propoño á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo a adopción do seguinte acordo:

Solicitar a adhesión específica desta Deputación provincial ós acordos marco, que a continuación se indican, someténdose expresa e voluntariamente ás seguintes cláusulas:

1ª.- Ámbito obxectivo da adhesión

A Deputación Provincial de Lugo adhírese voluntariamente os acordos marco:



21/2020 Suministros de combustibles en estaciones de servizo.

20/2019 Subministración de papel de equipos de impresión, fotocopiadoras, copiadoras e multicopiadoras.

A adhesión aos devanditos acordos marco, resulta de interese inmediato para esta administración , sen prexuízo da súa futura ampliación a outros susceptibles de adhesión, nos termos da comunicación remitida ao departamento de contratación con data 14 de xaneiro de 2020, ou outros que habilite o sistema de compra centralizada.

A Deputación Provincial de Lugo poderá solicitar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, en calquera momento, a baixa voluntaria na súa adhesión ao Acordo Marco (ou acordos marco), mediante a formulación da correspondente solicitude polo órgano competente para adoptar o acordo de adhesión.

2ª.- Obrigas do solicitante da adhesión

Mediante a presente adhesión aos acordos marco, indicados na cláusula primeira, A Deputación Provincial de Lugo obrígase a:

Efectuar a contratación da totalidade das subministracións de bens ou/e a contratación dos servizos incluídos no/os mesmo/s a través da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, nos termos establecidos no respectivo acordo marco celebrado coas empresas adxudicatarias.

Non obstante, a contratación destes servizos ou subministracións á marxe da Central de Contratación do Estado poderá ser realizada cando os bens adxudicados ou o réxime de prestación dos servizos establecido non reúnan as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades a Deputación Provincial de Lugo. Destas circunstancias, informarase á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación con periodicidade trimestral.

Comunicar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación os organismos (a súa denominación, dirección, correo electrónico corporativo, teléfono e fax) que, en virtude das súas competencias propias ou delegadas en materia de contratación e ordenación do gasto, poden subscribir as correspondentes propostas de adxudicación de subministración de bens e de prestación de servizos. Así mesmo, comprométese a notificar calquera cambio que se produza en relación cos citados cargos.

Solicitar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a celebración dos contratos baseados que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins mediante a aplicación CONECTA-CENTRALIZACIÓN.

Dilixenciar debidamente a proposta de adxudicación, polo órgano que teña encomendado o control interno da xestión económico-financeira, no caso de que a Entidade Local estea suxeita a función interventora.

Comunicar calquera incidencia que xurda en relación coa execución dos correspondentes contratos baseados á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación para que, no seu caso, se procedan a esixir as responsabilidades previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Realizar a recepción dos correspondentes bens fornecidos e dos servizos contratados e efectuar o pago dos mesmos conforme á normativa vixente.

Designar un órgano de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que agora se adhire, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.



Realizar as actuacións que lle corresponden no proceso de licitación e na tramitación dos contratos baseados até a extinción dos mesmos, si causa baixa voluntaria no respectivo acordo marco.

Colaborar coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación no caso de presentación de recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por el promovidos e a facilitar a documentación e información que con este motivo lle sexa requirida.

Proporcionar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, canta documentación e información lle sexa requirida, en relación con expedientes concretos.

3ª.- Procedemento para a adxudicación dos contratos baseados .

A Deputación Provincial de Lugo realizará todas as contratacións do/da subministración/s e servizo/s comprendidos no obxecto do Acordo Marco (ou acordos marco), a través do mesmo.

Cando a Deputación Provincial de Lugo necesite a subministración dun ben ou a prestación dun servizo dos incluídos no ámbito desta adhesión, deberá dirixir a solicitude de contratación do mesmo á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación conforme ao establecido no acordo marco.

Corresponde á Deputación Provincial de Lugo a solicitude de ofertas ás empresas adxudicatarias do correspondente acordo marco e a elevación da proposta de adxudicación á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, conforme aos pregos que rexen o acordo marco e as instrucións que a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación dite respecto diso.

Cando nos documentos que rexen o Acordo (ou acordos) Marco, se efectúe algunha referencia aos limiares dos contratos de subministración ou de servizos suxeitos a regulación harmonizada, entenderase que son os establecidos para o Estado, no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Corresponde á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a tramitación das solicitudes de contratación.

Os contratos baseados adxudicásen-se de acordo co previsto nos apartados 3 e 4 do artigo 198 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Corresponde á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a adxudicación e formalización dos contratos baseados.

O financiamento dos contratos baseados correrá a cargo da *Deputación Provincial* de Lugo.

4ª.- Efectos da adhesión.

A adhesión específica a un acordo marco en vigor, surtirá efecto dende o día seguinte ao da adopción, no seu caso, do correspondente acordo estimatorio por parte da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Finalizada a vixencia do acordo marco, extinguirase a adhesión específica ao mesmo.

Así mesmo, o acordo da Dirección Xeral de racionalización e Centralización da Contratación, estimando a solicitude de baixa voluntaria no acordo (*ou acordos*) marco en vigor, debidamente formulada pola Deputación Provincial de Lugo, producirá a extinción do mesmo (ou dos mesmos), dende o momento en que aquel se dite. A baixa voluntaria no acordo marco, non afectará os contratos baseados, que continuarán vixentes até a súa extinción.

5ª.- Causas de resolución

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación poderá acordar, de oficio ou a solicitude da Deputación Provincial de Lugo, a resolución do acordo de adhesión.

Así mesmo, serán causas de resolución do acordo de adhesión:



O incumprimento da normativa vixente en materia contractual.

O incumprimento das cláusulas da adhesión.

6ª.- Suspensión dos contratos baseados

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación poderá acordar a suspensión da tramitación de contratos baseados formalizados por aquela a proposta da Deputación Provincial de Lugo cando se produzan incumprimentos reiterados dos prazos de pago, relativos aos contratos baseados en acordos marco da Central de Contratación do Estado.

7ª.- Remitir certificación do presente acordo, segundo modelo de solicitude de adhesión a Dirección xeral de racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda, e demais organismos no seu caso competentes para coñecer de a presente.

8ª.- Facultar á Presidencia ou en quen esta delegue para a realización de os trámites relativos á execución do presente acordo.

9ª.- Facultar ao servizo de contratación e fomento para remitir a documentación relativa á adhesión.

10ª.- Elevar o acordo ao Pleno provincial para a súa íntegra ratificación e expresamente respecto daqueles supostos nos que polo seu obxecto e contía puidese corresponder a competencia a este”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA SOBRE RENUNCIA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA Á SOCIEDAD DEPORTIVA ANTAS, PARA “GASTOS TEMPADA 2017-2018, SECCIÓN FEMININA”, AÑO 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“En relación co expediente de conta xustificativa da subvención nominativa á Sociedad Deportiva Antas para “Gastos tempada 2017-2018, sección feminina” por importe de tres mil euros (3.000,00 €) concedida por decreto de Presidencia de data 20 de xullo de 2018.

Propoño

Que o beneficiario relacionado a continuación, presentouna Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia da citada subvención:

SOCIEDAD DEPORTIVA ANTAS	GASTOS TEMPADA 2017-2018, SECCIÓN FEMININA	3000 €
--------------------------	--	--------

Por todo o exposto procede aceptar de plano as mencionadas renuncias polos importes citados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 27 DE DECEMBRO DE 2019, RELATIVA Á SUSPENSIÓN DAS OBRAS DE “EXECUCIÓN DE CARRIL BICI DO P.K. 0+000 AO 2+570 NO PARQUE DO RÍO RATO, EN LUGO”, DEBIDO ÁS INCLEMENCIAS METEOROLÓXICAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Con data 27/12/2019 a Presidencia ditou a Resolución que a continuación se transcribe:

Tras ver a proposta do director técnico do Servizo de Vías e Obras, a teor do seguinte texto:



“O Director Técnico das obras de Execución de Carril Bici do p.k. 0+000 a 2+570 no Parque do Rio Rato.- Lugo, informa:

Que as obras foron adxudicadas a Probisa Vías y Obras SLU por acordo da Xunta de Goberno de data 5 de xullo de 2019.

Que se asinou a acta de comprobación de reformulo o día 14 de agosto de 2019 contando con seis (6) meses de prazo para a execución das mesmas, debendo finalizar, por tanto, o 14 de febreiro de 2020 como data límite.

Que a día de hoxe e unha vez executados os muros, bordos e a drenaxe, non se pode continuar cos traballos de formigonado nin sinalización debido ás inclemencias meteorolóxicas, non sendo viable a execución das obras tal e como estaba previsto no proxecto técnico.

Por todo iso, polo director técnico que subscribe, propónse a suspensión total das citadas obras, mediante a firma da acta de suspensión, ata que melloren as condicións climatolóxicas para proceder á execución das mesmas, procedéndose nese momento a continuación das obras mediante a firma da súa correspondente acta.

Por parte do contratista renunciarase expresamente a calquera reclamación de danos e prexuízos efectivamente sufridos debido á suspensión.

Se o Órgano de contratación acorda a suspensión do contrato, estenderase unha acta de suspensión, en cumprimento do disposto no artigo 208 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Tendo en conta que as competencias segundo o Regulamento da Deputación en materia de contratación corresponden á Xunta de Goberno, é polo que o Servizo de Vías e Obras propón á Xunta de Goberno a ratificación da Resolución da Presidencia de data 27/12/2019, manténdose o contido da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Xustificación para incluír por vía de urxencia na Orde do Día da Sesión Ordinaria o asunto “Adxudicación da contratación por lotes da subministración de material de oficina para a Deputación Provincial de Lugo.”

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de material de oficina para a Deputación Provincial de Lugo, dividida nos seguintes lotes:

LOTES
Lote I : Material de oficina de uso xeral
Lote II: Material de oficina de uso técnico ou especial



O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

Recóllese na cláusula 2.4 do PCAP, que “o contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16.3.a) da LCSP que establece que, en todo caso, se considerarán contratos de subministración aqueles en que o empresario se comprometa a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude no momento de subscribir o contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

O anuncio de licitación publícase no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público), xunto co resto de documentación preparatoria e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas o día 11 de outubro do 2019.

Recóllese no PCAP que o contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor relación calidade prezo, a teor do establecido no artigo 156 da LCSP, excluíndo toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A mesa de contratación réunese o día 31-10-2019. Neste acto, segundo consta na acta que obra no expediente, Deuse conta de que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, ao Lote I deste procedemento se presentan os seguintes licitadores:

LOTE I: MATERIAL DE OFICINA DE USO XERAL
GRUPO DISOFIC S.L.U.
LUCAS ROJAS S.L.
LUGOPAPEL S.C.
PRELO S.L.

LOTE II: MATERIAL DE OFICINA DE USO TÉCNICO OU ESPECIAL
PRELO S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron dentro do prazo estipulado as súas propostas, procédese á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa). Resultando que no Anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos de conformidade co disposto no artigo 140 LCSP), detectáronse os seguintes defectos e omisións:

A empresa LUGOPAPEL S.C., concorrente ao lote I, non cumprimenta o apartado noveno, no que se debe facilitar unha dirección de correo electrónico. Non obstante, no documento denominado “autorizaciones del licitador” si consta como correo a efectos de notificacións o seguinte: correo@lugopapel.es, polo que a mesa de contratación acorda que o erro detectado se pode entender subsanado ao constar o correo electrónico noutro documento do expediente; non obstante, co obxecto de proceder a completar o expediente acorda requirir a subsanación deste Anexo dentro do prazo de tres días hábiles a contar desde o seguinte ao de recepción do requirimento cursado a tales efectos, de conformidade co disposto no art. 141 da LCSP.

A mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación. Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobres “B” do Lote 1, cos seguintes resultados:

LICITADOR	DESCONTO SOBRE O PVP PRODUCTOS NON INCLUIDOS NO PPT (%)	MELLORAS (€)	FOMENTO CONTRATACION FEMININA (%)
GRUPO DISOFIC S.L.U.	30 %	1000 €	61,91 %
LUCAS ROJAS S.L.	27 %	300 €	55,56 %
LUGOPAPEL S.C.	25 %	100 €	100,00 %
PRELO S.L.	30 %	1000 €	52,00 %

A memoria técnica achegada pola empresa LUCAS ROJAS S.L., presenta o campo marca



sen cumprimentar. A mesa de contratación califica o erro detectado como subsanable, posto que a memoria descriptiva non é obxecto de valoración, acordando por unanimidade requirir á empresa LUCAS ROJAS S.L., a subsanación da memoria descriptiva achegada, nos termos expostos, no prazo de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte ao recepción deste requirimento, de conformidade co disposto no artigo 141 da LCSP,), aplicable por analoxía á oferta técnica e económica (Resolución 67/2015, do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Castilla y León ou Informe 7/2013 da Xunta consultiva de Contratación Administrativa de Illes Balears).

Debido ao volume de produtos incluídos no PPT, e co obxecto de evitar erros involuntarios, pola Mesa acordouse, por unanimidade o seguinte:

Que polo Servizo de Contratación e Fomento, se proceda á comprobación de si algunha oferta supera para cada produto o orzamento máximo de licitación.

Que polo mesmo servizo, se proceda á comprobación de si algunha oferta se puidera considerar desproporcionada ou anormal consonte cos criterios establecidos na cláusula décimo terceira do PCAP, e de ser o caso, de acordo co establecido no artigo 149.4 da Lei 9/2017, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia aos contratistas indicados para que xustifiquen a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A continuación procédese á apertura dos sobres “B” do lote II. Considerando que a proposta presentada polo único licitador concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos, aportando unha porcentaxe de fomento da contratación feminina do 52%, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos para o lote II atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	PRELO S.L.	100 puntos

Requirir á empresa PRELO S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de

Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, para o lote II.

O día 21 de novembro de 2019, reúnese novamente a mesa de contratación; resultando desta sesión – segundo se recolle na acta levantada a tales efectos- as seguintes actuacións:

En primeiro lugar dáse conta do Informe do Servizo de Contratación e Fomento que obra no expediente, relativo á xustificación da oferta económica presentada pola empresa GRUPO DISOFIC S.L.U., no que se conclúe: “a razoabilidade dos argumentos expostos nos documentos xustificativos da empresa obxecto de informe, por consideralos plausibles e aclaratorios da viabilidade da oferta formulada e que por tanto permitirían apreciar como factible a realización axeitada do contrato nos termos ofertados.”

A mesa de contratación, en base ao informe técnico, considera suficientemente xustificada a viabilidade da proposta presentada pola empresa GRUPO DISOFIC, S.L.U..

Acto seguido procédese a dar conta á mesa de contratación da documentación presentada polas empresas LUGOPAPEL S.L. e LUCAS ROJAS S.L., no trámite de subsanación de documentación administrativa instado pola mesa de contratación na sesión anterior. A mesa de contratación acorda dar por subsanados os defectos detectados na documentación administrativa.

A continuación procédese á valoración das propostas presentadas para o Lote I: Material de oficina de uso xeral, outorgando as seguintes puntuacións, resultado da aplicación das fórmulas matemáticas recollidas nos pregos:

CRITERIO PREZO	OFERTA	NOTA
GRUPO DISOFIC	926,52 €	80,00
LUCAS ROJAS S.L.	1.404,56 €	52,77
PRELO S.L.	1.304,79 €	56,81
CRITERIO DESCONTO SOBRE O PVP MATERIAL NON INCLÚIDO NO PPT	OFERTA	NOTA
GRUPO DISOFIC	30	10,00
LUCAS ROJAS S.L.	27	9,00
PRELO S.L.	30	10,00
CRITERIO MELLORAS	OFERTA	NOTA
GRUPO DISOFIC	1.000,00 €	7,00
LUCAS ROJAS S.L.	300,00 €	2,10
PRELO S.L.	1.000,00 €	7,00



CRITERIO FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMININA	OFERTA	NOTA
GRUPO DISOFIC	61,91	3,00
LUCAS ROJAS S.L.	55,56	2,69
PRELO S.L.	52	2,52

Resultado dos trámites evacuados anteriormente, a mesa de contratación acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Excluir a proposta presentada pola empresa LUGOPAPEL S.C., por superar o orzamento máximo de licitación nos produtos 336,339 e 342; atendendo ao disposto na cláusula cuarta, parágrafo terceiro do PCAP, que establece que “Non se admitirán ofertas que superen os prezos unitarios máximos ou non recollan contía económica para un ou varios dos produtos obxecto da contratación”, e segundo o recollido no apartado F do cadro resumo do PCAP, que dispón que “Os prezos unitarios máximos son os que se recollen no PPT. Non se admitirán propostas que superen algún dos prezos unitarios máximos. Débese ofertar a totalidade dos produtos requiridos para cada lote, non se admitirán ofertas parciais”.

Admitir, en base ao informe técnico, a oferta da mercantil DISOFIC S.L.U., por considerar suficientemente xustificada a baixa presentada.

Clasificar aos licitadores admitidos para o lote I atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	GRUPO DISOFIC S.L.U.	100,00
2	PRELO S.L.	76,33
3	LUCAS ROJAS S.L.	66,56

Requirir á empresa GRUPO DISOFIC S.L.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, para o lote I.

Polo que se refire ao Lote II: Material de oficina de uso técnico ou especial; dáse conta aos membros da mesa de contratación de que na sesión celebrada o día 31 de outubro de 2019, unha

vez feita a valoración dos criterios de adxudicación a mesa de contratación adopta – segundo consta na acta levantada a tales efectos- o seguinte acordo:

“1.- Clasificar aos licitadores admitidos para o lote II atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	PRELO S.L.	100 puntos

Requirir á empresa PRELO S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, para o lote II.”

O artigo 150 da LCSP, que regula a clasificación de ofertas e adxudicación do contrato dispón no seu tenor literal que “a mesa de contratación, ou no seu defecto, o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as propostas presentadas para posteriormente elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación (...)”

Como unha consecuencia natural da utilización da licitación electrónica, a mesa de contratación ven trasladando os resultados das súas actuacións á plataforma de Contratación do Sector Público. No caso do lote II, considerando que a proposta presentada polo único licitador concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos, a mesa de contratación eleva ao órgano de contratación proposta de adxudicación a favor da única empresa concorrente, sen que se produza formalmente o traslado deste acordo á plataforma de Contratación do Sector Público, posto que debido a un erro informático involuntario inclúese na orde do día a valoración das propostas presentadas, pero non se incluíu na orde do día correspondente a proposta de adxudicación.

Polo que vai dito, considera a mesa de contratación unha cuestión de orde procedimental ratificar a proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación o día 31 de outubro de 2019, dando traslado da mesma á plataforma de contratación do sector público; máxime cando a referida



proposta xa foi aprobada polo órgano de contratación, mediante Resolución da Presidencia de data 12 de novembro de 2019.

Segundo o estipulado no artigo 99.7 da LCSP, e recollido na cláusula segunda, apartado segundo do PCAP, cada lote constituirá un único contrato, de modo que é susceptible de adxudicación independente. No caso de xurdiren incidencias ou demoras na tramitación da adxudicación dalgún dos lotes poderá continuar a tramitación dos restantes, incluída a formalización.

Por Resolución da Presidencia de data 12 de novembro de 2019, aceptase a proposta feita pola mesa de contratación o día 31 de outubro de 2019, e consecuentemente:

Clasificouse aos licitadores admitidos para o lote II atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	PRELO S.L.	100 puntos

e ordeouse requirir á empresa PRELO S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, para o lote II.

Por resolución da Presidencia de data 26 de novembro de 2019, acéptase a proposta feita pola mesa de contratación o día 21 de novembro de 2019, e consecuentemente clasificouse aos licitadores presentados por orde de importancia e ponderación e acordouse requirir á empresa GRUPO DISOFIC S.L.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada Resolución, o día 27 de novembro de 2019, o Servizo de Contratación e Fomento procedeu a materializar o requirimento á empresa GRUPO DISOFIC S.L.U. a través da plataforma

de contratos do sector público, concedendo para a evacuación do referido trámite un prazo de dez días hábiles.

No relativo ao Lote II, o día 04 de decembro de 2019 a empresa PRELO S.L. atendeu ó requirimento de documentación administrativa efectuado, aportando a documentación requirida a través da sede electrónica da Deputación de Lugo.

Considerando que a documentación achegada adolecía dunha serie de erros, e tendo en conta que no PCAP se prevé o trámite adicional de subsanación de documentación, o día 27 de decembro de 2019, cursouse - a través da plataforma de contratos do sector público - o pertinente trámite de subsanación da seguinte documentación:

Non se acredita a solvencia económica declarada. De conformidade co establecido no PCAP O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, dos tres últimos anos concluídos. O volume anual de negocio debe ser igual ou superior a 19.854,55 €.

A solvencia técnica achegada debe completarse con unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos, acompañada de algún certificado de boa execución ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 9.265,46 €.

A empresa PRELO S.L., atendeu ao requirimento de documentación efectuado, aportando documentación complementaria - a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo - o día 31 de decembro de 2019.

Polo que se refire ao Lote I, o día 19 de decembro de 2019 a empresa GRUPO DISOFIC S.L.U. atendeu ó requirimento de documentación administrativa efectuado, aportando parte da



documentación a través da plataforma de contratos do sector público e o resto a través da sede electrónica da Deputación de Lugo.

Considerando que a documentación achegada adolecía dunha serie de erros, e tendo en conta que no PCAP se prevé o trámite adicional de subsanación de documentación, o día 27 de decembro de 2019, cursouse - a través da plataforma de contratos do sector público - o pertinente trámite de subsanación da seguinte documentación:

O dossier ou catálogo achegado non cumpre cos requisitos esixidos nos PPT, a saber deberá figurar unha breve descrición do produto a subministrar, o seu número de orde, cantidade de unidades que contén (exemplo caixa de 100 bolígrafos), as cores que oferta, de ser o caso, e unha fotografía. O catálogo deberá entregarse en formato dixital.

Non se achega documento que conteña o interlocutor designado por parte da adxudicataria para as relacións comerciais coa Deputación Provincial de Lugo.

A solvencia técnica achegada debe completarse con unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos, acompañada de algún certificado de boa execución ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 18.454,54 €.

Debe achegar as contas anuais do ano 2018.

A empresa GRUPO DISOFIC S.L.U., atendeu ao requirimento de documentación efectuado, aportando documentación complementaria- a través da plataforma de contratos do sector público - o día 30 de decembro de 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o

órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o lote I do contrato subministración de material de oficina para a Deputación Provincial de Lugo, denominado “Lote I: Material de oficina de uso xeral” a favor da empresa GRUPO DISOFIC S.L.U., por importe máximo de 58.000,00 euros (importe que inclúe 10.066,12 euros en concepto de IVE).

Os prezos unitarios máximos son os que se presentou o GRUPO DISOFIC S.L.U. na súa oferta.

O GRUPO DISOFIC S.L.U. oferta un desconto dun 30% sobre o PVP, en materiais non incluídos no PPT, comprometéndose á entrega do material requirido nun prazo máximo de 48 horas; ofertando unha mellora de 1.000,00 euros en impresión e cartelería, impresión de planos, expositores, persianas, display, soportes de cartón pluma ou similar.

2º.- Adxudicar o lote II do contrato subministración de material de oficina para a Deputación Provincial de Lugo, denominado “Lote II: Material de oficina de uso técnico ou especial” a favor da empresa PRELO S.L., por importe máximo de 29.120,00 euros (importe que inclúe 5.053,88 euros en concepto de IVE).



3º.- O gasto distribúese atendendo ao seguinte desglose:

	Aplicación	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Anualidade 2022	TOTAL
Lote I	9200.22000	26.600 euros	29.000 euros	2.400 euros	58.000 euros
Lote II	9200.22000	11.000 euros	12.100 euros	1.100 euros	24.200 euros
	9200.22002	2.400 euros	2.400 euros	120 euros	4.920 euros
TOTAL		40.000 euros	43.500 euros	3.620 euros	87.120 euros

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2021 e 2022 as cantidades indicadas nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no artigo 202, ambos da LCSP, as obrigas previstas na cláusula 22.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houboese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelado a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.